SMART Technologies ULC
Acordo de licenza de usuario final de software para Software de aprendizaxe participativa SMART Notebook™ 2013 e outro software SMART relacionado

Última revisión: 23 de setembro de 2013

Lea este acordo de usuario final de software (a "Licenza") atentamente e por completo antes de usar o Software. Esta licenza contén disposicións sobre a limitación dos dereitos dos usuarios e as responsabilidades SMART que se poden aplicar ao uso deste Software. Ao usar o Software acepta quedar suxeito aos termos e condicións desta Licenza. Se non está de acordo cos termos desta Licenza, non utilice o Software.

Esta Licenza é un acordo legal entre o "Usuario Final" (sexa un individuo ou unha entidade) e SMART Technologies ULC e os seus afiliados ("SMART") para o Uso deste Software. Se o Usuario Final é unha entidade (como unha Organización Titular da Licenza) ou se vostede está a acepta resta Licenza en nome de outro Usuario Final, a) recoñece que vostede ou a entidades on responsables de informar a outros Usuarios Finais e facelos cumprir ost ermos, condicións, limitación se requisitos expostos nesta Licenza, e b) garante que ten autoridade para aceptar os termos desta Licenza no nome dos devanditos Usuarios Finais e entidade.

1. DEFINICIÓNS:

1.1 "**Usar de xeito activo**" ou "**Uso activo**" significa executar, acceder a, empregar, utilizar ou amosar o Software, pero non se refire a o mero feito de cargar nin almacenar o Software no dispositivo en cuestión.

1.2 "**Clase**" refírese á combinación dun determinado número de Computadores de Docente (o mesmo número de Computadores de Docente designado no momento da compra da licenza de produto do Software ou do Produto con Licenza asociado) xunto cun número razoable de Computadores de Alumnado (segundo se determinou como número probable de alumnos que participarán na clase en base á proporción entre alumnos e docentes establecida por SMART de cando en vez para o produto de Software aplicable), non sendo que SMART e a Organización Titular da Licenza o acordasen doutro xeito.

1.3 "**Dispositivo Informático Cualificado**" refírese a calquera dispositivo (sexa un computador persoal, outro dispositivo informático ou de pantalla ou outro dispositivo permitido), sexa propiedade ou estea baixo o control da Organización Titular da Licenza dentro do Emprazamento designado, ou propiedade persoal dos empregados, consultores, alumnos ou integrantes interesados da Organización Titular da Licenza, en cada caso asociados con ese Emprazamento, sempre que o Software se utilice para o fin principal do desenvolvemento de actividades relacionadas coa Organización Titular da Licenza e limitado ao tempo durante o que os devanditos individuos continúen a actuar en nome de ou sexan alumnos da Organización Titular da Licenza. Dispositivo Informático Cualificado pode incluír os Computadores do Alumnado ou os Computadores do Docente, segundo corresponda.

1.4 "**Documentación**" refírese a manuais e documentos de instrucións rexistrados por SMART Technologies ULC (SMART) para o Software, sexa en formato impreso ou dixital.

1.5 “**Usuario Final**” (ou tamén “vostede”) refírese á Organización Titular da Licenza e, segundo corresponda, a calquera empregado (incluídos, sen limitación, profesores e formadores), asesores, alumnos e outros integrantes interesados dentro do Emprazamento que utilicen o Software.

1.6 “**Elementos excluídos**” ten o significado que se describe na sección 2.2(o).

1.7 “**Computadores de Docente**” refírese ao número especificado de Dispositivos Cualificados aos que se lles outorgou licenza para uso maioritario do persoal docente (é dicir, o número de licenzas para uso do profesorado adquiridas pola Organización Titular da Licenza).

1.8 “**Dispositivo de Pantalla Interactiva**” refírese a unha pantalla interactiva de dixitación táctil ou habilitada para rotulador, dispositivo de dixitación táctil, encerado, pantalla ou proxector que dispoña ou se proxecte nunha pantalla cun tamaño en diagonal superior a 18 polgadas e que permita ao usuario interactuar, manipular ou modificar datos por medios distintos do teclado ou ratos estándar e inclúe, sen limitarse a eles, os dispositivos de dixitación táctil ou habilitados para rotulador.

1.9 “**Produto con Licenza**” refírese a calquera produto SMART válido que inclúa no seu prezo ou sexa enviado coa aplicación de Software correspondente, sen embargo, no caso do software SMART Notebook, os seguintes Produtos con Licenza outorgan a seguinte licenza asociada:

(a) A pantalla interactiva SMART Board® outorga unha Licenza de Software SMART Notebook

(b) A pantalla con rotulador interactivo SMART Podium™ outorga unha Licenza de Software SMART Notebook

(c) A pantalla interactiva SMART outorga unha Licenza de Software SMART Notebook

(d) O sistema de resposta interactiva SMART Response™ outorga unha Licenza de Software SMART Notebook (por cada paquete de clase do hardware Response adquirido)

(e) A cámara de documentos SMART Document Camera™ outorga o número asociado de Licenzas de Software SMART Notebook

(f) O encerado sen fíos SMART Slate™ outorga unha Licenza de Software SMART Notebook

(g) O centro de aprendizaxe interactiva SMART Table® outorga o número asociado de Licenzas de Software SMART Notebook que se indica no acordo de licenza de usuario final

(h) O proxector interactivo SMART LightRaise™ outorga unha Licenza de Software SMART Notebook

(i) outros produtos SMART semellantes que SMART introduce de cando en vez e que SMART identifica como Produto con Licenza para o devandito tipo de licenza.

1.10 “**Organización Titular da Licenza**” refírese á entidade (ou individuo, se se adquire de xeito individual) que adquiriu o Produto con Licenza e a súa licenza Asociada no seu propio nome, para o Emprazamento designado, e, cando corresponda, en nome dos Usuarios Finais.

1.11 “**Mantemento**” refírese ao acceso a ampliacións lanzadas comercialmente (é dicir, novas versión e parches para o Software que conteñan melloras das funcionalidades ou capacidades do Software), e arranxos de fallos, paquetes de servizo e actualizacións (é dicir, Software para o que SMART forneceu arranxos ou pequenas revisións para corrixir error ou defectos no funcionamento actual so Software, en cumprimento das especificacións publicadas), para a licenza de Software específica asociada con ou ofrecida xuntamente co programa de Mantemento, en todos os casos limitado ao que SMART pon ao dispor xeral ca clientela de Mantemento sen cargo adicional. Mantemento exclúe, de xeito específico,

calquera servizo relacionado con virus informáticos ou conflitos ocasionados por software que non fose instalado ou introducido por SMART. Mantemento tamén exclúe Elementos Excluídos e outros complementos, plug-ins, personalizacións, novas aplicacións, módulos e outro software que non se poña a disposición xeral e regular dos usuarios do Software sen cargo adicional, senón que SMART ou terceiras partes fornezan por separado. Para maior claridade, SMART pode fornecer certos arranxos de fallos no Software, paquetes de servizo e actualizacións aos Usuarios Finais que non dispoñen do programa de Mantemento.

1.12 "**Sala**" refírese a cada sala dentro do Emprazamento que se utiliza para impartir clases e que inclúe, por exemplo, aulas estándar de instrución, salas que non conteñan Disponsitivos de Pantalla Interactiva, e laboratorios do alumnado; pero exclúe as salas utilizadas fundamentalmente para fins administrativos, o despacho de dirección e oficinas semellantes e outras localizacións domésticas ou non nas que o profesorado poida facer un uso remoto do Emprazamento.

1.13 "**Escola**" refírese a un único lugar físico baixo a xurisdición ou control da Organización Titular da Licenza, por exemplo: unha escola, un campus ou un grupo de edificios ou estruturas que pertenzan á mesma descrición legal como propiedade.

1.14 "**Emprazamento**" refírese ás localizacións para as que aplica a licenza e nas que se contan as Salas no referido á aplicación da licenza para o emprazamento e, para maior claridade, pode incluír a Escola, varias Salas dun mesmo distrito escolar, ou varias Escolas dentro de máis dun distrito, sempre que todas estean recollidas na orden de compra da Organización Titular da Licenza ou noutra petición de orden de compra para a Licenza, e que tamén pode incluír o uso remoto do profesorado do devandito Emprazamento (o que lles permite traballar dende casa ou dende outra localización remota co fin de preparar as clases).

1.15 "**Licenza de Software SMART Notebook**" refírese á licenza para o Uso do software SMART Notebook, baixo os termos de licenza establecidos no punto 2.2 (a) (i), que aparece a continuación.

1.16 "**Sistema de resposta interactiva SMART Response**" refírese tanto ao software SMART Response como á aplicación web e aos dispositivos de envío de respostas que utiliza o alumnado (por exemplo, os marcadores de man e os mandos a distancia de SMART Response ou o software que utilizan os Computadores do Alumnado para enviar as respostas), segundo corresponda.

1.17 "**Software**" refírese a cada un, e todos eles de xeito colectivo, dos seguintes produtos de software, controladores e firmware de propiedade de SMART (incluídos os controladores e firmware integrados no Produto con Licenza, se corresponde) segundo corresponda en base ás Licenzas adquiridas: O software SMART Notebook™ (excluíndo os Elementos Excluídos), o software SMART Notebook™ Edición Alumnado, o software de resposta interactiva SMART Response™ (calquera modo e a aplicación web asociada, cando corresponda), o software SMART Notebook Math Tools™, o Software de xestión da clase SMART Sync™, as ferramentas de realidade mixta de SMART Document Camera™, o software de ferramentas 3D de SMART Notebook™, o software de aprendizaxe interactiva SMART Classroom Suite™ e os respectivos firmware, controladores, ferramentas e utensilios correspondentes, cada un deles consistente en programas informáticos en forma de código obxecto (incluídas todas e cada unha das ampliacións, lanzamentos, bases de datos e melloras, suxeitas á Sección 5, que aparece a continuación) fornecidas ao Usuario Final e calquera das súas copias, segundo os termos desta Licenza. Software tamén inclúe calquera software de terceiros e a Documentación fornecidos por SMART ao Usuario Final. O Software pode vir contido ou instalado nos Produtos con Licenza SMART, descargado da páxina web de SMART ou do CD fornecido por SMART ou instalado nunha memoria USB fornecida por SMART.

1.18 "**Computador de Alumnado**" refírese ao número especificado de Dispositivos de Computación que recibiron licenza ou se asignaron á Escola para ser utilizados nomeadamente polo alumnado (o que se refire ben ao número de licenzas de uso para o alumnado que adquiriu a Organización Titular da Licenza ou que se asignaron á Organización Titular da Licenza para esa Escola en base á proporción entre alumnos e docente na clase).

1.19 “**Uso**”, “**Usar**” ou “**Usado/a**” refírese á instalación, carga, execución, acceso, emprego, utilización, almacenaxe ou exhibición directa ou indirecta deste Software.

2. OUTORGAMENTO DE LICENZA:

2.1 **Xeral.** Esta Licenza é un acordo legal entre o Usuario Final (sexa un individuo ou a Organización Titular da Licenza) e SMART Technologies ULC para o Uso deste Software. No caso de que un administrador técnico ou do sistema da Organización Titular da Licenza, ou outro representante sexa quen acepta estes termos legais en nome de todos os posibles Usuarios Finais da organización titular, é responsabilidade da devandita Organización Titular da Licenza garantir que cada Usuario Final comprende e cumpre os termos desta Licenza. O software está protexido por leis de copyright e tratados internacionais de copyright, ademais de outras leis e tratados da propiedade intelectual. Os dereitos garantidos nesta Licenza están limitados aos dereitos de propiedade intelectual sobre o Software de SMART e os seus outorgantes de Licenza e non inclúen ningunha outra patente nin outros dereitos de propiedade intelectual. O Software outórgase baixo licenza (ou sublicenza, segundo os dereitos de redistribución de SMART), non se vende, polo que está suxeito aos termos e restricións desta Licenza. No caso de que o software se forneza nun CD, DVD, memoria USB ou outro tipo de soporte físico, o Usuario Final posúe o soporte no que está gravado o Software, pero SMART e/ou os seus outorgantes de licenza conservan a propiedade do Software en si. Os termos desta Licenza rexerán calquera ampliación, actualización ou revisión do software fornecida por SMART (incluídas as realizadas a través do programa de Mantemento) que substitúa e/ou complemente ao Software orixinal, agás no caso de que as devanditas ampliacións vaian acompañadas dunha licenza á parte, caso no que se rexerán por esa licenza.

2.2 **Outorgamento de Licenza.** Todos os dereitos non outorgados por esta Licenza quedan reservados. Para cada aplicación de Software que pague a Organización Titular da Licenza, SMART outórgalle e o Usuario Final acepta unha licenza non exclusiva, intransferible e non sublicenzable, para Usar o Software segundo os correspondentes termos, condicións e limitacións:

(a) Para o **Software SMART Notebook:**

En función do tipo de licenza, ao Usuario Final garánteselle:

(i) **Para a Licenza de Software SMART Notebook:** Para cada unha (1) das licenzas obtidas, outórgaselle ao Usuario Final unha Licenza de Software SMART Notebook para o seu Uso ligado a unha Sala designada, na que a licenza autoriza ao Usuario Final a Usar o Software:

A. ata catro (4) Dispositivos Informáticos e

B. Calquera cantidade e calquera tipo de Dispositivo de Pantalla Interactiva e calquera cantidade e tipo de Dispositivos de Pantalla non Interactiva conectado (mesmo sen fíos) aos Dispositivos Informáticos referidos en (A), sempre que todos os devanditos dispositivos estean na Sala designada e tamén que todos os devanditos dispositivos estean baixo o control da Organización Titular da Licenza.

Os Usuarios Finais que pertenzan ao profesorado tamén poden Utilizar o Dispositivo Informático na casa (ou noutras localizacións fóra da Escola), sempre que o devandito uso estea destinado á preparación de clases, e sempre que non se supere o tempo de activación de catro (4) dispositivos informáticos.

En todos os casos, a Organización Titular da Licenza ten que ter mercado cando menos o mesmo número de Licenzas de Software SMART Notebook có número de Dispositivos de Pantalla Interactiva no que a Organización Titular da Licenza Usa o devandito

Software. Superadas as catro (4) activacións permitidas, o Usuario Final non poderá Usar o Software de xeito Activo en ningún outro Dispositivo Informático (mesmo se se conecta ao mesmo Dispostivo de Pantalla Interactiva), non sendo que se adquiriran dereitos de licenza adicionais para o Software. . O Usuario Final pode obter esta licenza ben por medio dunha adquiríndoa á parte ou adquirindo os correspondentes Produtos de Licenza. En calquera caso, aplícase a subsección (ii).

(ii) **Mantemento SMART Notebook Advantage:** Para cada activación permitida da Licenza de Software SMART Notebook:

A. como parte da taxa do paquete de licenza de Software inclúese un ano de Mantemento. Con excepción das adquisicións mediante certos revendedores, este período de un ano calcúlase a partir da data de adquisición do Software. Para certos revendedores, o prazo de Mantemento se calcula de xeito distinto e é responsabilidade do revendedor informar á Organización Titular da Licenza desta diferenza de cálculo, e

B. unha vez concluído o prazo inicial dun ano, é posible adquirir por separado un Mantemento continuo, que estará suxeito aos termos que sexan aplicables do acordo de Mantemento fornecido por SMART. No caso de que non se obteña unha ampliación do Mantemento antes da data de caducidade do prazo de Mantemento actual, o Usuario Final deberá pagar as cotas de Mantemento atrasadas para poder recibir Mantemento continuo ou mercar e actualizar a licenza correspondente (coa cota de Mantemento asociada que corresponda, de ser o caso).

(b) **Para as Licenzas de Software SMART Notebook:**

(i) **Licenza de Emprazamento SMART Notebook:** Para cada Licenza de Emprazamento SMART Notebook obtida, pódese instalar o Software en calquera Dispositivo Informático do Emprazamento (Dispositivos Informáticos que tamén se poden conectar, mesmo por conexión sen fíos, a calquera número e tipo de Dispositivos de Pantalla Interactiva e a calquera número e tipo de Dispositivos de Pantalla non Interactiva, sempre que todos os devanditos dispositivos se atopen dentro do emprazamento e sexan propiedade e estean baixo o control da Organización Titular da Licenza). Para poder adquirir esta Licenza, a Organización titular da Licenza ten que obter a licenza en base ao número de Salas do seu Emprazamento. Coa adquisición desta licenza inclúese un ano de Mantemento de todas as instalacións do Software dentro do Emprazamento. En caso de que o número de Salas dentro do Emprazamento aumente (segundo cálculo realizado no aniversario da obtención da licenza de Emprazamento SMART Notebook, a Organización titular da Licenza debe adquirir licenzas adicionais (baseándose no diferencial nos cargos por licenza) para o devandito número de Salas para poder utilizar o Software nas devanditas Salas adicionais e que a Licenza de Mantemento de Emprazamento SMART Notebook Advantage continúe sendo aplicable.

(ii) **Licenza de Emprazamento SMART Notebook Advantage (Programa de Mantemento):** Esta licenza de Mantemento pode ser obtia por: 1) Organizacións Titulares de Licenza que obtiveran unha licenza de Software SMART Notebook de Emprazamento, ou 2) calquera Organización Titular de Licenza que obtivera unha licenza de Software SMART Notebook para todas as Salas dese Emprazamento. A Licenza de Emprazamento SMART Notebook Advantage fornece Mantemento continuo para todas as instalación do Software SMART Notebook dentro do Emprazamento unha vez superado o termo inicial de un ano incluído na licenza de Software SMART Notebook de Emprazamento ou as respectivas licenzas de software SMART Notebook. Esta licenza de Mantemento estará suxeita aos termos de calquera acordo de Mantemento aplicable fornecido por SMART. No caso de que non se obteña unha

ampliación do Mantemento antes da data de caducidade do prazo de Mantemento actual, o Usuario Final deberá pagar as cotas de Mantemento atrasadas para poder recibir Mantemento continuo ou mercar e actualizar a licenza correspondente (coa cota de Mantemento asociada que corresponda, de ser o caso).

(c) Para o **Software SMART Notebook Edición Alumnado:**

Segundo o número específico de licenzas obtidas, o Usuario Final pode Usar o Software:

(i) nun Dispositivo Informático por licenza, sempre que non sexa o dispositivo principal conectado (mesmo por conexión sen fíos) a un Dispositivo de Pantalla Interactiva que estea a facer Uso Activo do Software sen a Licenza de Software SMART Notebook asociada para o devandito Uso do Software; e

(ii) no caso de que o Software SMART Notebook Edición Alumnado estea instalado nun dispositivo USB SMART, o Usuario Final pode Usar o Software en calquera Dispositivo Informático, sempre que o Dispositivo Informático non estea anexo nin conectado (mesmo por conexión sen fíos) a un Dispositivo de Pantalla Activa que estea a facer Uso Activo do Software sen a licenza asociada ao devandito Uso do Software.

(d) Para o **Software SMART Response:**

Sempre que a Organización Titular da Licenza posúa un sistema de resposta interactiva SMART Response (incluídos os correspondentes dispositivos de man), O Usuario final pode Usar o software (que inclúe os modos PE, LE e XE do Software, ademais do modo mixto, que permite combinacións destes modos) en dispositivos Informáticos. Para cada paquete de clase do hardware SMART Response (que consta de entre 24 e 32 marcadores), o Usuario Final pode Usar este Software en un Dispositivo Informático conectado (mesmo por conexión sen fíos) a un ou varios Dispositivos de Pantalla Interactiva. Só se pode obter licenza para Usar o Software con Dispositivos de Pantalla Interactiva a Dispositivos Informáticos adicionais adquirindo licenzas de **Software** SMART Notebook adicionais. O devandito uso estará suxeito a todos os termos da licenza establecidos na anterior Sección 2.2 (a) (i). Os datos recollidos polo Uso do Software estarán suxeitos aos termos da Sección 2.3 (i), que aparece a continuación.

(e) Para o **sistema de resposta interactiva SMART Response CE:**

En base ao número de Computadores de Docente con licenza e os Computadores de Alumnado asociados, asignados para esa Clase, o Usuario Final pode usar o software SMART Response modo CE nun número de Computadores de Alumnado permitido en función da asignación por Clase. O Usuario Final tamén pode Usar SMART Notebook Edición Alumnado no devandito número de Computadores de Alumnado con licenza. Para facer Uso Activo do Software en calquera Computador de Docente conectado a un Dispositivo de Pantalla Interactiva, o Usuario Final debe ter ou obter unha Licenza de **Software** SMART Notebook válida para o seu Uso no Dispositivo Informático conectado (mesmo por conexión inalámbrida) ao devandito Dispositivo de Pantalla Interactiva. O devandito uso estará suxeito a todos os termos da licenza establecidos na anterior Sección 2.2 (a) (i). O Uso do Software en Computadores de Alumnado estando conectados ao un Dispositivo de Pantalla Interactiva estará rexido polos termos establecidos na anterior Sección 2.2 (c) (i). Os datos recollidos polo Uso do Software estarán suxeitos aos termos da Sección 2.3 (i), que aparece a continuación.

(f) Para o **sistema de resposta interactiva SMART Response VE — Licenza baseada en subscrición:**

Durante o período válido de subscrición:

(i) En base ao número de Computadores de Docente con licenza, o Usuario Final pode utilizar o software SMART Response modo VE no número correspondente de Computadores de Docente, sempre que, para Usar o Software nun Dispositivo de Pantalla Interactiva, o Usuario Final teña ou obteña unha Licenza de Software SMART Notebook válida no devandito Computador de Docente. O devandito uso estará suxeito a todos os termos da licenza establecidos na anterior Sección 2.2 (a) (i), e

(ii) Os Usuarios Finais poden acceder á aplicación web do Sistema de Resposta Interactiva SMART Response VE nun número razoable de Dispositivos de Computación que estean asociados cos Computadores de Docente (aos que se fai referencia na sección 2.2 (e) (i), máis arriba) por medio dunha ID de avaliación fornecida polo Computador de Docente e unha ID de alumno fornecida pola Organización Titular da Licenza.

(iii) Ademais dos termos desta Licenza para o Software SMART Response, o uso do modo SMART Response VE do software estará suxeito a termos de uso adicionais establecidos na correspondente páxina en liña de termos de uso de SMART. Os Usuarios Finais que accedan á aplicación web do Sistema de Resposta Interactiva de SMART Response VE deben dispor de conexión á Internet e un navegador web para acceder á aplicación. Unha vez caducado o período de subscrición, o Usuario Final deberá deixar de acceder á aplicación web do Sistema de Resposta Interactiva de SMART Response VE.

(iv) Durante todo o período de subscrición válido, o Usuario Final terá dereito a acceder e a Usar a versión máis actualizada desta aplicación web. Durante todo o período de subscrición válido, as licenzas de Computador de Docente para o software SMART Response VE terán dereito ao Mantemento do Software. Os datos recollidos polo Uso do Software estarán suxeitos aos termos da Sección 2.3 (l), que aparece a continuación.

(g) Para o **sistema de resposta interactiva local SMART Response VE:**

(i) O Usuario Final pode usar o software SMART Response en modo VE Local baixo o mesmo modelo de licenza establecido nas anteriores seccións 2.2 (f) (i) e (ii).

(ii) Ademais dos termos desta Licenza para o Software SMART Response, o Uso do modo SMART Response VE Local do software estará suxeito a termos de uso adicionais establecidos na correspondente páxina de inicio de sesión da páxina web de SMART Response VE Local. Será responsabilidade exclusiva da Organización Titular da Licenza informar aos Usuarios de todos os termos de uso e expectativas sobre o uso aceptable da Organización Titular da Licenza

(iii) Os datos recollidos polo Uso do Software estarán suxeitos aos termos da Sección 2.3 (l), que aparece a continuación. A Organización Titular da Licenza recoñece que SMART non recibirá nin será responsible de conservar rexistros de tales Datos.

(iv) Como parte da taxa do paquete de licenza de Software inclúese un ano de Mantemento. O ano calcúlase a partir da data de adquisición do Software. Unha vez concluído o prazo inicial dun ano, é posible adquirir por separado un Mantemento continuo, que estará suxeito aos termos que sexan aplicables do acordo de Mantemento fornecido por SMART. No caso de que non se obteña unha ampliación do Mantemento antes da data de caducidade do prazo de Mantemento actual, o Usuario Final deberá pagar as cotas de Mantemento atrasadas para poder recibir Mantemento continuo ou mercar e actualizar a licenza correspondente (coa cota de Mantemento asociada que corresponda, de ser o caso).

(v) A Organización Titular da Licenza será responsable do aloxamento do servidor e do tempo de actividade correspondente, do mantemento e da accesibilidade ao servidor de SMART Response modo VE Local, nome de dominio e sitio correspondente.

(vi) Os Usuarios Finais que accedan á aplicación web do Sistema de Resposta Interactiva de SMART Response modo VE Local deben dispor de conexión á intranet e un navegador web para acceder á aplicación.

(h) Para o **Software SMART Notebook Math Tools:**

Baseándose no número de Dispositivos de Computación con licenza especificado, cada licenza permite ao Usuario Final Usar o Software nun único Dispositivo de Computación. O Usuario Final debe aceptar os termos desta Licenza para cada instalación do Software en cada un dos Dispositivos de Computación, por separado. Para que o Software funcione correctamente, o Usuario Final ten que dispor dunha versión compatible do software SMART Notebook para o seu Uso no devandito Dispositivo de Computación, o Uso do cal estará suxeito a todos os termos da licenza establecidos na Sección 2.2 (a) anterior.

(i) Para **SMART Sync software de xestión da clase:**

Segundo o número de Computadores de Docente e os Computadores de Alumnado asociados con licenza para a Clase correspondente, os Usuarios Finais poden Usar:

(1) a versión de instalación para docente do Software nun número tal de Dispositivos Informáticos para o uso de docentes, que se axuste ao número de Computadores de Docente con licenza, e

(2) a versión de instalación para alumnado do Software nun número tal de Dispositivos Informáticos para o uso de alumnos, que se axuste ao número de Computadores de Alumnado con licenza para esa clase.

(j) Para **Ferramentas de realidade mixta de SMART Document Camera:**

Para cada SMART Document Camera obtida pola Organización Titular da Licenza, o Usuario Final pode instalar e Usar o Software que precisen os devanditos Dispositivos Informáticos mentres que o Software se Use no Produto con Licenza asociado. Para que o Software funcione correctamente, o Usuario Final ten que dispor dunha versión compatible válida do software SMART Notebook para o seu Uso en cada un dos Dispositivos Informáticos, o Uso do cal estará suxeito a todos os termos da licenza establecidos na Sección 2.2 (a) anterior. Para cada Produto con Licenza, fornécese unha Licenza de Software SMART Notebook, para o seu Uso no devandito Dispositivo Informático. O devandito uso estará suxeito a todos os termos da licenza establecidos na anterior Sección 2.2 (a) (i). Cada instalación das ferramentas de realidade mixta de SMART Document Camera inclúe o software de ferramentas 3D de SMART Notebook.

(k) Para o **Software ferramentas 3D de SMART Notebook:**

Para este Software con licenza independente de ferramentas de realidade mixta de SMART Document Camera, baseándose no número de Dispositivos de Computación con licenza especificado, cada licenza permite ao Usuario Final Usar o Software nun único Dispositivo de Computación. Para que o Software funcione correctamente, o Usuario Final ten que dispor dunha versión compatible do software SMART Notebook (versión 10.8 ou superior) para o seu

Uso no devandito Dispositivo de Computación, o Uso do cal estará suxeito a todos os termos da licenza establecidos na Sección 2.2 (a) anterior.

(l) Para o **Software de aprendizaxe interactiva SMART Classroom Suite:**

Segundo o número de Computadores de Docente con licenza e os Computadores de Alumnado asociados asignados por Clase, outórganse as seguintes licenzas:

(i) **Software SMART Notebook – Instalación de SMART Classroom Suite:**

Aos Usuarios Finais outórgaselles unha (1) licenza de Software SMART Notebook por cada Computador de Docente con licenza. O devandito uso estará suxeito a todos os termos da licenza establecidos na Sección 2.2 (a) (i).

(ii) **Software SMART Notebook Edición Alumnado – Instalación de SMART Classroom Suite:**

Segundo o número de Computadores de Alumnado asociados por Clase, os Usuarios Finais poden Usar o Software no devandito número de Computadores de Alumnado e do xeito especificado anteriormente na Sección 2.2 (c).

(iii) **Software de Resposta Interactiva SMART Response CE – Instalación de SMART Classroom Suite:**

Segundo o número de Computadores de Docente con licenza, os Usuarios Finais poden Usar o Software (en modo CE) no devandito número de Computadores de Docente. O Software SMART Notebook Edición Alumnado ten licenza (segundo a anterior Sección 2.2. (c) no número asociado de Computadores de Alumnado.

(iv) **Software SMART Sync – Instalación de SMART Classroom Suite:**

Segundo o número de Computadores de Docente e os Computadores de Alumnado asociados con licenza para a Clase correspondente, os Usuarios Finais poden Usar:

i) a versión de instalación para docente do Software nun número tal de Dispositivos Informáticos para o uso de docentes, que se axuste ao número de Computadores de Docente con licenza, e

ii) a versión de instalación para alumnado do Software nun número tal de Dispositivos Informáticos para o uso de alumnos, que se axuste ao número de Computadores de Alumnado con licenza para esa clase.

(m) **Versións de proba.** En conexión cos precedentes outorgamentos de licenza, o Usuario final pode Usar unha copia da versión de proba do Software correspondente (1) durante o tempo especificado na copia do Software ou na páxina web de descargas do Software e, se non se especifica, a data máis próxima de entre: (a) trinta (30) días a partir da data de aceptación do Usuario Final da súa Licenza ou (b) do Uso do Software por parte do Usuario Final; e (2) segundo os outorgamentos da licenza do anterior Parágrafo 2.2 dende (a) ata (l) incluídos durante o devandito período de proba, incluídas as limitacións referentes ao Uso exclusivo en Produtos con Licenza. En tanto o Usuario Final non teña un Produto con Licenza Asociado, a versión de proba outorgada do Software limítase ás partes do Software que non requiren o Produto con Licenza asociado para que o devandito Software sexa funcional por completo. As versións de proba fornécense unicamente para permitir aos Usuarios Finais avaliar o Software para tomar unha decisión de compra informada. En ningunha circunstancia, e sen o permiso expreso e por escrito de SMART terá dereito o Usuario Final a Usar o Software para promover

de xeito público produtos ou servizos de terceiros, incluído o Uso do Software en demostracións, espectáculos comerciais ou foros públicos semellantes. AO UTILIZAR A VERSIÓN DE PROBA DO SOFTWARE, O USUARIO FINAL RECOÑECE E ESTÁ DE ACORDO EN QUE REMATADO O TEMPO ESPECIFICADO NO SOFTWARE OU NOS MATERIAIS QUE O ACOMPAÑAN, A LICENZA DE PROBA REMATARÁ E O SOFTWARE IMPEDIRÁ DE XEITO AUTOMÁTICO AO USUARIO SEGUIR ACCEDENDO E/OU USAR O DEVANDITO SOFTWARE DE PROBA NIN NINGÚN DOS DATOS OU CONTIDOS QUE O USUARIO POIDA TER INTRODUCIDO NO DEVANDITO SOFTWARE, AGÁS SE ADQUIRE CUMPRIDAMENTE UNHA LICENZA PARA A CORRESPONDENTE VERSIÓN COMPLETA DO DEVANDITO SOFTWARE. Todos os demais termos desta Licenza son aplicables ao Uso de Proba do Software, incluídas sen limitación, as restricións establecidas no seguinte Parágrafo 2.3. Ao remate do período de proba, rematará o Uso do Software por parte do Usuario Final. Se o Usuario Final decide pasar da versión de proba do Software á licenza completa do Software mediante o proceso de adquisición por desbloqueo de licenza que ofrece o propio Software (se corresponde) ou mediante outros procesos de adquisición da licenza, o uso por parte do Usuario Final da nova versión desbloqueada do Software será sempre en cumprimento dos correspondentes termos e condicións desta Licenza.

(n) **Controladores e firmware de SMART.** Ao Usuario Final outórgaselle unha licenza para Usar os controladores e a porción de firmware do Software só en hardware fornecido por SMART, mesmo se se lle outorgaron dereitos de licenza máis amplos para outros compoñentes do Software noutras subseccións desta Sección 2.2.

(o) **Colección e complementos da Galería de SMART.** O uso por parte do Usuario Final das imaxes, fotografías, material multimedia, arquivos ou páxinas SMART Notebook, fondos ou temas fornecidos por SMART ou widgets (segundo se definen a continuación) para o Notebook fornecidos por SMART ou un terceiro, que forman o total ou parte da Galería SMART (cada un dos cales será referido como un "**Elemento**"), e o uso de complementos (segundo se definen a continuación) fornecidos por SMART ou por un terceiro están suxeitos ás seguintes condicións:

(i) O Usuario Final pode acceder a, copiar, distribuír, publicar, imprimir e usar doutros xeitos os Elementos ou complementos non modificados, coa condición de que o devandito uso sexa ben a) para uso persoal, ou b) para a súa circulación interna dentro de Organización Titular da Licenza ou noutros casos (como republicar na páxina web de SMART Exchange), sempre que sexa con fins exclusivamente educativos;

(ii) O Usuario Final non eliminará, modificará ou disimulará ningún aviso de marca rexistrada, copyright ou propiedade que aparezan ou estean contidos nos devanditos Elementos ou complementos;

(iii) O Usuario Final non modificará, adaptará, realizará enxeñería inversa nin alterará de xeito ningún os Elementos que son widgets para Notebook, imaxes nin o código do modelo (incluído flash) do conxunto de ferramentas de SMART Lesson Activity. Os elementos que son ficheiros SMART Notebook, fondos, páxinas, temas, ficheiros interactivos ou multimedia poden modificarse, dentro do resto dos termos desta Licenza, incluído que o Usuario Final conserve e reproduza de xeito visible a información da fonte e/ou a atribución ao creador orixinal ao que se fai referencia no Elemento.

(iv) O Usuario Final non modificará, nin adaptará, nin realizará enxeñería inversa nin alterará de ningún outro xeito os complementos;

(v) Ao Usuario Final permíteselle usar os Elementos que están en formato .widget, .galleryitem ou .gallerycollection ou un complemento que estea en formato .addon, só co Software. Non se permite o Uso para ningún outro fin. O Usuario Final non pode usar o Elemento nin o complemento en software de terceiros, nin incluílo en ningún produto que poña á venda nin cunha tarifa. O Usuario Final non pode importar directamente ningún Elemento .widget, .galleryitem nin .gallerycollection, nin ningún complemento en ningún

software de terceiros. Esta restrición non se pode ser sorteada alterando o formato de ficheiros dos Elementos .widget, .galleryitem ou .gallerycollection, nin o formato de ficheiro .addon, nin por medio de ningunha outra alteración destes Elementos ou complementos;

(vi) Os elementos pódense incorporar nun ficheiro .notebook (o que quere dicir parte da lección ou máis que só os Elementos .widget, .galleryitem ou .gallerycollection); o ficheiro .notebook pódese importar noutro formato de ficheiro; e ese outro formato de ficheiro pódese utilizar nun software de terceiros, sempre que se inclúa nun produto dun terceiro á venda ou cunha cota;

(vii) Ao Usuario Final non se lle permite usar os Elementos nin os complementos enteiros ou en parte para revenda nin para fin comercial ningún, sexa ou non incorporado noutro produto ou oferta, ou sexa un Elemento orixinal da Galería SMART, un complemento ou un derivado de calquera destes Elementos ou complementos (o Usuario Final pode, sen embargo, comercializar complementos creados utilizando o conxunto de ferramentas Lesson Activity); e

(viii) Ao Usuario Final non se lle permite descargar os Elementos nin os complementos en cantidades masivas, sen importar se a intención é utilizar o devandito contido para fins comerciais; e non se poden (sexa na súa forma orixinal ou modificada) ofrecer, distribuír, transmitir nin amosar, nun sitio web, produto, oferta nin servizo, incluídos os da competencia das ofertas SMART ou calquera outros.

Neste subsección, “widgets do Notebook” refírese a contido interactivo creado por SMART ou terceiros que interactúan co modelo de obxecto de SMART Notebook por medio de API’s, e “complementos” refírese a elementos no formato de ficheiro .addon creados por SMART ou terceiros que permiten ao fornecedor do ficheiro .addon modificar a interface gráfica do usuario de SMART Notebook e/ou engadir funcionalidades, como o complemento “Construtor de actividades”. Os widgets e os complementos do Notebook fornecidos por terceiros son “Elementos Excluídos”. As Licenzas para Elementos, complementos e Elementos Excluídos adquiridas a través da páxina web de SMART Exchange ou tendas en liña relacionadas seguirán os mesmos termos dos devanditos sitios e non esta Licenza.

2.3 **Outros Termos da Licenza.** O outorgamento de licenza da sección 2.2 está suxeito aos seguintes termos de licenza adicionais:

(a) **Copias.** O Usuario Final pode facer unha copia do Software en formato lexible por computadora unicamente como copia de seguridade, sempre que a devandita copia inclúa todas as marcas rexistradas, copyrights e outros avisos de propiedade que conteña o soporte orixinal. O Usuario Final pode copiar a Documentación só para fins internos. O Usuario Final non pode distribuír copias do Software nin de ningún dos seus compoñentes, nin facer copias do Software máis alá do descrito nesta subsección ou nos termos da licenza aplicables, establecidos na Sección 2.2;

(b) **Preservación dos Dereitos.** Todos os dereitos non outorgados expresamente quedan reservados para SMART;

(c) **Uso de Dispositivos de Pantalla Interactiva de Terceiros.** A título persoal, pódese usar SMART Notebook Express (que se atopa en: express.smarttech.com) ou SMART Notebook para Web Beta (que se atopa en www.smartnotebook.com ou outros dominios), cada un suxeito aos Termos de Uso especificados nos seus respectivos sitios, con calquera dispositivo, incluídos os Dispositivos de Pantalla Interactiva de terceiros. En caso de que o Usuario Final desexe Usar os Softwares SMART Notebook, SMART Response, ou SMART Notebook Edición Alumnado con

calquera Dispositivo de Pantalla Interactiva de terceiros, o Usuario Final debe obter unha Licenza de Software SMART Notebook, en cumprimento dos termos anteriores.

(d) **Modificacións e Melloras realizadas polo Usuario Final.** O Usuario Final non pode modificar, mellorar, adaptar nin variar o Software nin crear traballos derivados baseados no Software, nin fusionar nin separar o Software nin calquera dos seus compoñentes sen o consentimento previo por escrito por parte de SMART.

(e) **Prohibición da Enxeñería Inversa.** O Usuario Final non pode realizar enxeñería nin compilación inversa, traducir, descompilar, desmantelar, modificar, crear traballos derivados nin tentar derivar de ningún outro xeito o código fonte do Software (nin as ideas subxacentes, os algoritmos, a estrutura nin a organización) nin de calquera dos seus compoñentes para fin ningún, incluído o de descubrir calquera aspecto da tecnoloxía a el inherente. O Usuario Final pode levar a cabo estas actividades sempre que estean limitadas ao mínimo requirido para a fin de acadar a interoperatividade con outros programas informáticos desenvolvidos de xeito independente e, novamente, só ata o punto en que está expresamente e estritamente permitido pola lei aplicable, sen prexuízo da anterior limitación;

(f) **Transferencia.** Fóra do permitido expresamente nesta Licenza, o Usuario Final non pode alugar, arrendar, sublicenzar, distribuír nin fornecer O Software nin ningún dos seus compoñentes a terceiros. Esta restricción aplícase tamén á clave da licenza do produto que o Usuario Final recibe ou á que SMART lle deu acceso para a instalación ou activación do Software. Esta restrición tamén se aplica á publicación de calquera parte dio Software en páxinas web públicas;

(g) **Leis aplicables.** O Usuario final debe cumprir todas as leis aplicables referentes ao uso do Software e calquera dos seus compoñentes;

(h) **Avisos de propiedade.** O Usuario Final debe manter todos os avisos de marca rexistrada e copyright e outros avisos de propiedade en todas as copias do Software;

(i) **Acceso a Programas de Terceiros.** O Software pode incluír e/ou estar acompañado de programas de software e contidos (de xeito colectivo, “Compoñentes de terceiros”) de terceiros que poden precisar un acordo de licenza de usuario final á parte do terceiro, algúns dos cales poden ser fornecidos para a súa análise na instalación inicial ou en actualizacións subseguintes do Software. Ningúns dos dereitos descritos nesta licenza se aplica aos devanditos Compoñentes de terceiros se van acompañados por un acordo de licenza de usuario final separado. Algúns dos Compoñentes de terceiros de freeware ou de código aberto están dispoñibles baixo os termos das súas respectivas licenzas (ás que se fai referencia na Pestana Propiedade Intelectual da fiestra Verbo de), os termos das cales poden ser distintos ou complementarios aos que contén esta Licenza. A aceptación desta Licenza tamén confirma a aceptación do Usuario Final dos termos das devanditas licenzas de freeware ou de código aberto. SMART non apoia nin promove ningún produto ou servizo fornecido polos terceiros que fornecen os Compoñentes de terceiros. O Software tamén pode conter e/ou estar acompañado de ferramentas e utensilios de desenvolvemento de SMART, que poden estar suxeitos a acordos de licenza separados. Vostede recoñece que é responsabilidade súa ler, aceptar e cumprir os termos e condicións de todos estes acordos de licenza dos devanditos Compoñentes de terceiros e ferramentas e utensilios de desenvolvemento de SMART;

(j) **Ligazóns a páxinas web de Terceiros.** As ligazóns a páxinas web de terceiros se fornecen soamente con "fins informativas" e SMART non é responsable dos contidos que terceiro ningún forneza nas devanditas páxinas web, incluída sen limitación, a información sobre calquera produto ou servizo;

(k) **Datos de Uso do Software: Programa de experiencia do cliente.** O Usuario Final recoñece que SMART rastrear a información de uso do produto por parte do Usuario Final con fins relacionados coa avaliación da usabilidade e a investigación. Cada Usuario Final ou a

Organización Titular da Licenza pode aceptar ou rexeitar esta función (por medio do administrador da Organización Titular da Licenza). Este rastreo do uso non recolle información persoal (tal e como se define na *Personal Information Protection and Electronic Documents Act* (*Lei de protección da información persoal e de documentos electrónicos*) de Canadá). É responsabilidade da Organización Titular da Licenza asegurarse que a opción predeterminada se axuste aos seus regulamentos internos;

(l) **Datos de respostas recollidos por medio de calquera modo do Software de Avaliación SMART Response.** Calquera avaliación ou outros datos ou información recollidos por medio de ou compilados con Software (aos que nos referiremos de xeito colectivo como "**Datos de Avaliación**") son responsabilidade da Organización Titular da Licenza. Os Datos de Avaliación débeos almacenar a Organización Titular da Licenza no Computador de Docente, a rede da Organización Titular da Licenza ou nalgún dispositivo de almacenamento dixital. As políticas e prácticas de tratamento dos Datos de Avaliación (incluída a seguridade e copias de seguridade) son responsabilidade exclusiva da Organización Titular da Licenza. dentro do máximo límite permitido pola lei aplicable, SMART nega calquera responsabilidade relativa ao acceso, almacenamento, tratamento, PRIVACIDADE, seguridade, integridade, uso indebido ou copia de seguridade dos devanditos Datos de Avaliación;

(m) **Use das cookies.** Algúns produtos de Software SMART ou sitios web relacionados usan cookies para mellorar a experiencia do Usuario Final ou con fins de investigación orientada a mellorar a oferta de produtos de SMART. Para máis información o para desactivar as cookies, visite:

http://www.smarttech.com/Legal/Privacy+Policy#cookie, e

(n) **Copyright dos contidos.** Todos os dereitos de propiedade e de propiedade intelectual referidos ao contido que se poida incorporar por medio do uso do Software ou produtos SMART é propiedade do respectivo propietario do contido e pode estar protexido polas leis de copyright aplicables ou outras leis e tratados da propiedade intelectual. Non sendo segundo o establecido de xeito expreso nesta provisión, esta Licenza non outorga ao Usuario Final dereito ningún a utilizar o devandito contido.

2.4 **Uso axeitado do Software.** O Usuario Final recoñece que a integridade continua do Software e o cumprimento das obrigas de SMART descrito nesta Licenza depende do correcto Uso e mantemento do Software por parte do Usuario Final. Uso Correcto e mantemento significa que o usuario final:

(a) instalará todas as actualizacións e lanzamentos realizados por SMART;

(b) usará o Software segundo a Documentación fornecida por SMART e os termos e condicións desta Licenza; e

(c) seguirá as instrucións de SMART para instalar novos lanzamentos e para corrixir e evitar fallos e arranxos para o Software.

3. ENTREGA E INSTALACIÓN:

3.1 **Entrega.** O Software pódese descargar da páxina web de SMART, dun CD ou DVD ou instalar nun dispositivo USB de SMART. Non sendo que o Software se envíe cun Produto con Licenza SMART, o Software enviarase segundo os termos de fabricación Incoterms 2000 do punto de fabricación de SMART. O Usuario Final entende e está de acordo en que é o responsable principal da instalación do Software.

3.2 **Aceptación.** O Usuario Final entende que o Software se estimará entregado e aceptado no momento do envío ou recepción do Software e/ou o Produto con Licenza SMART, se corresponde.

4. **SERVIZOS DE ASISTENCIA:** Durante as horas laborables habituais SMART pode fornecer asistencia técnica de balde se xorden problemas coa instalación durante o despregue inicial do Software. Calquera asistencia técnica relacionada co Software pasado o despregue inicial ("Servizo técnico") será fornecida por SMART segundo a súa discreción e poderá conlevar custos. O Usuario Final recoñece que SMART se reserva o dereito a impoñer cargos adicionais e/ou a declinar os Servizos de Asistencia para o Software fornecido unha vez rematado o período de Mantemento aplicable. O Servizo de asistencia, se o hai, limitarase á actual versión do Software e ás dúas versións menores (da 0.X a 0.X-2) inmediatamente anteriores. O uso do Servizo técnico, se se da, esta resido polas políticas e programas de SMART descritos na Documentación e/ou outros materiais fornecidos por SMART como modificacións realizadas por SMART de cando en vez. Calquera software ou firmware suplementarios que o Servizo técnico fornezan ao Usuario Final pódese considerar parte do Software e están suxeitos aos termos desta Licenza. En calquera caso, o Usuario Final, e non SMART, (i) a elección do Software para conseguir os resultados agardados; e (ii) a instalación, uso e resultados obtidos do Software. O Usuario Final recoñece que SMART non fornecerá Servizo técnico ningún para ningunha versión de proba do Software.

5. **SUBSTITUCIÓN, MODIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO SOFTWARE:** SMART resérvase o dereito de substituír, modificar ou actualizar o software ou calquera dos seus compoñentes, en calquera momento, ofrecéndolle ao Usuario Final unha versión modificada ou de substitución do Software, ou calquera dos seus compoñentes, ou da devandita actualización e cobrar ao Usuario Final por esta substitución, modificación ou actualización. Non se aplicarán cargos adicionais durante o termo de calquera período válido do Mantemento. Calquera substitución ou Software modificado ou ampliación do Software, ou de calquera dos seus complementos, que SMART ofreza ao Usuario final (ben cun cargo adicional, sen cargo ou como parte do Mantemento) considerarase parte do Software e estará suxeito aos termos desta Licenza, non sendo que se forneza unha licenza separada, caso no que os termos da devandita licenza rexerán o Uso do Software. En caso de que SMART ofreza unha substitución ou unha versión modificada ou unha ampliación do Software sen custo para o Usuario Final ou como parte do Mantemento: (a) a continuación do Uso do Software por parte do Usuario Final está condicionada á aceptación do Usuario Final da devandita substitución ou versión modificada ou ampliación do Software e de calquera acordo de licenza de Usuario Final que o acompañe e anule a anterior e (b) no caso de que se produza a substitución, modificación ou ampliación do Software, a licenza do Usuario Final para Usar todas as versións anteriores do Software queda anulada.

6. **CANCELACIÓN:** Esta Licenza é efectiva ata a súa cancelación. O Usuario Final pode cancelar esta Licenza en calquera momento deixando de Usar o Software e destruíndo todas as copias do Software na súa posesión. O remate da subscrición ou período de proba será causa de cancelación automática e o Usuario Final debe, ao remate da devandita subscrición ou período de proba, deixar de Usar o Software e destruír todas as copias do Software na súa posesión. Sen prexuízo de ningún outro dereito, SMART pode cancelar esta Licenza se, segundo a discreción exclusiva de SMART, o Usuario final incumpre os termos e as condicións desta Licenza. Nese caso, o Usuario Final deberá cesar inmediatamente o uso do Software, destruír todas as copias do Software e de todos os seus compoñentes e, devolver ou destruír toda a Documentación que posúa e, se así se lle solicita, fornecer unha declaración xurada que certifique o cumprimento do Usuario Final co anterior.

7. **RESTRICIÓNS Á EXPORTACIÓN:** O Usuario Final acepta que non exportará nin reexportará o software, nin ningún dos seus compoñentes, nin ningún proceso nin servizo que sexa un produto directo do software (ao que en diante nos referiremos dun xeito colectivo como "Compoñentes Restrinxidos") a ningún país, persoa nin entidade suxeitos a restricións de exportación canadenses ou estadounidenses. O Usuario Final acepta especificamente non exportar nin reexportar ningún dos Compoñentes Restrinxidos (i) a ningún país sobre o cal Canadá ou os EUA teñan embargo ou restrición das exportacións de bens ou servizos nin a ningún nacional deses países, estea onde estea, (ii) a ningunha persoa nin entidade que o Usuario Final saiba ou teña razóns para pensar que utilizará os Compoñentes Restrinxidos no deseño, desenvolvemento, produción ou manexo de armas nucleares, químicas ou

biolóxicas, ou para o uso final ou adestramento relativo a mísiles ou (iii) a ningunha persoa nin entidade á que algún organismo oficial dos gobernos canadenses e estadounidense lle prohibira participar nas transaccións de exportación canadenses ou estadounidenses por medio de calquera organismo oficial do goberno canadense ou estadounidense. O Usuario Final garante e afirma que ningún representante do goberno canadense nin estadounidense lle suspendeu, revocou nin denegou privilexios de exportación.

8. **DEREITOS RESTRINXIDOS PARA O GOBERNO DOS EUA:** O Software é un “Artigo comercial”, segundo os termos definidos en 48 CFR 2.101, que consiste en “Software Informático Comercial” e “Documentación de Software Informático Comercial”, segundo estes termos se utilizan en 48 CFR 12.212 ou 48 CFR 227.7202, como corresponda. En cumprimento de 48 CFR 12.212 ou 48 CFR 227.7202-4, segundo corresponda, o Software Informático Comercia e a Documentación de Software Informático Comerical se outorgan en licenza a Usuarios Finais do goberno dos EUA (a) só como Artigos Comerciais; e (b) cos únicos dereitos outorgados a todos os demais Usuarios Finais, segundo os termos e condiciçons aquçi descritos.

9. **LIMITACIÓN DA GARANTÍA:** O Software debe funcionar en cumprimento substancial coas especificacións publicadas por SMART durante un período de noventa (90) días a partir da data na que a Organización Titular da Licenza adquira a licenza do Software. Segundo o que corresponde, tal e como se establece no programa de Mantemento, a Organización Titular da Licenza asume o total do custo da reparación ou corrección do Software. A única obriga de SMART, segundo esta garantía expresa, a expensas e opción de SMART, ben i) devolver o prezo de compra que pagara a Organización titular da Licenza por calquera produto de Software defectuoso que se devolva a SMART cunha copia do recibo correspondente, ou ii) substituír calquera soporte defectuoso co software que, en esencia, se axuste ás especificación aplicables publicadas por SMART. Calquera substitución do Software quedará garantida durante o resto do período de garantía orixinal ou durante trinta (30) días, o que sexa máis longo. SMART non garante que o Software, nin ningunha das súas partes, nin ningún Elemento Excluído funcione en ningún Dispositivo de Pantalla Interactiva que non sexa un Produto con licenza do mesmo xeito que funciona nos Produtos con Licenza. CALQUERA USO DO SOFTWARE OU DUN ELEMENTO EXCLUÍDO FORNÉCESE "AS IS" E AO PROPIO RISCO DO USUARIO FINAL. DENTRO DO MÁXIMO LÍMITE PERMITIDO POLA LEI APLICABLE, SMART E OS SEUS PROVEDORES NEGAN CALQUERA GARANTÍA E CONDICIÓN, SEXA EXPRESA OU IMPLÍCITA, INCLUÍDAS, PERO SEN LIMITARSE A ELAS, AS GARANTÍAS IMPLÍCITAS DE COMERCIABILIDADE, APTITUDE PARA UN USO DETERMINADO, DE TÍTULO DE DOMINIO, E DE NON VIOLACIÓN DE DEREITOS EN REFERENCIA AO PRODUTO, AO SOFTWARE E A CALQUERA DOS SEUS COMPOÑENTES, CALQUERA ELEMENTO EXCLUÍDO, E AO FORNECEMENTO OU NON FORNECEMENTO DE SERVIZO TÉCNICO. SMART NON GARANTE QUE O SOFTWARE FUNCIONE SEN INTERRUPCIÓNS NIN DEFECTOS. SMART NON PROBA O SOFTWARE EN PRODUTOS NON FORNECIDOS POR SMART. O USUARIO FINAL ASUME TODO O RISCO DE QUE O SOFTWARE PODE NON FUNCIONAR POR COMPLETO OU CORRECTAMENTE CANDO SE UTILIZA EN PRODUTOS NON FORNECIDOS POR SMART. ESTA GARANTÍA LIMITADA DÁLLE AO USUARIO FINAL DEREITOS LEGAIS ESPECÍFICOS. O USUARIO FINAL PODE TER OUTROS, QUE VARÍAN SEGUNDO A XURISDICIÓN.

10. **AUSENCIA DE RESPONSABILIDADE POR DANOS INDIRECTOS:** DENTRO DO MÁXIMO LÍMITE PERMITIDO POLA LEI APLICABLE, NIN SMART NIN OS SEUS PROVEDORES E OUTORGANTES DE LICENZA SERÁN RESPONSABLES EN NINGÚN CASO DE NINGÚN DANO ESPECIAL, ACCIDENTAL, INDIRECTO, EXEMPLAR, CONSECUENTE NIN PUNITIVO DO TIPO QUE FOR (INCLUÍDOS, PERO SEN LIMITARSE A ELES, OS DANOS POR CALQUERA LESIÓN CAUSADA A CALQUERA PERSOA OU PROPIEDADE, DANOS POR PERDA DE BENEFICIOS EMPRESARIAIS, INTERRUPCIÓN DE ACTIVIDADE COMERCIAL, PERDA DE INFORMACIÓN EMPRESARIAL, PERDA DE CONFIDENCIALIDADE, DANOS POR NON PODER CUMPRIR ALGÚN DEBER, INCLUÍDOS OS DE BOA FE E COIDADOS RAZOABLES, POR NEGLIXENCIA NIN POR NINGUNHA OUTRA PERDA PECUNIARIA) PRODUCIDO POLO USO OU A INCAPACIDADE PARA USAR O PRODUTO, O SOFTWARE OU CALQUERA DOS SEUS COMPOÑENTES OU POLO FORNECEMENTO OU AUSENCIA DO MESMO DE SERVIZOS DE ASISTENCIA, BASEADOS EN CONTRATO AGRAVIO, NEGLIXENCIA, RESPONSABILIDADE ESTRITA OU CALQUERA OUTRO, MESMO SE SMART OU O SEU PROVEDOR OU OUTORGANTE DE LICENZA FORAN INFORMADOS DA POSIBILIDADE DOS

DEVANDITOS DANOS. ALGUNHAS XURISDICIÓNS NON PERMITEN A EXCLUSIÓN OU A LIMITACIÓN DE RESPONSABILIDADE, POLO QUE O ANTERIOR PODE NON APLICARSE AO CASO DO USUARIO FINAL.

11. **LIMITACIÓN DA RESPONSABILIDADE:** EN CALQUERA CASO, A RESPONSABILIDADE TOTAL DE SMART E A ÚNICA COMPENSACIÓN Á QUE O USUARIO FINAL TEN DEREITO SEGUNDO ESTA LICENZA, NON SUPERARÁ OS 10 DÓLARES CANADENSES (10,00 CAD).

12. **PROVEDORES E OUTORGANTES DE LICENZA DE SMART:** CALQUERA DESCARGA, NEGACIÓN OU LIMITACIÓN DE RESPONSABILIDADE OU DANOS DE SMART, SEGUNDO ESTA LICENZA, INTERPRETARASE, ADEMAIS DE EN PROVEITO DE SMART, TAMÉN EN PROVEITO DOS PROVEDORES, OUTORGANTES DE LICENZA, EMPREGADOS E CONTRATISTAS DE SMART, E SEN LIMITARSE A NINGUNHA OUTRA DEFENSA QUE OS DEVANDITOS PROVEDORES, OUTORGANTES DE LICENZA, EMPREGADOS E CONTRATISTAS POIDAN TER, O USUARIO FINAL ACEPTA DESCARGAR ÁS DEVANDITAS PARTES DE RESPONSABILIDADE OU DANOS, DE ACORDO COA DEVANDITA DESCARGA, NEGACIÓN OU LIMITACIÓN DE RESPONSABILIDADE OU DANOS NA MESMA MEDIDA EN QUE AS DEVANDITAS DISPOSICIÓNS SE APLICAN A SMART.

13. **XERAL:**

13.1 **Confidencialidade.** O Usuario Final acepta que o Software inclúe información confidencial de SMART e/ou os seus provedores e outorgantes de licenza. Na medida en que o Usuario Final ten acceso á devandita información, acepta utilizala só para o Uso autorizado dos Produtos e Software con Licenza. O Usuario Final acepta non revelar esta información confidencial a ningunha outra parte e protexer a devandita información confidencial co mesmo nivel de protección que aplica á súa propia información confidencial, pero non menos que un nivel razoable. O Software ao que se aplica esta Licenza tamén se debe considerar información confidencial e, non sendo que se permita especificamente, non se debe revelar a ningún terceiro.

13.2 **Desagravio xudicial.** O Usuario Final acepta que, no caso de que rompa calquera disposición desta Licenza, SMART non terá unha compensación axeitada en cartos nin danos. Polo tanto, SMART ten dereito a obter inmediatamente un desagravio contra a devandita violación en calquera tribunal ou xurisdición competente a solicitude e sen outorgar fianza. O dereito de SMART a obter un desagravio xudicial non limita o seu dereito a buscar outros desagravios.

13.3 **Cesión.** O Usuario Final non pode ceder esta Licenza nin ningún dos dereitos que lle outorga (por mediación da lei ou de calquera outro xeito) sen o consentimento previo por escrito de SMART, que se pode denegar sen razón ningunha. Para o que se refire a esta sección, unha asignación ou transferencia incluirá calquera cambio na maioría da propiedade ou control do Usuario Final, incluída a fusión ou outras transferencias de accións con dereito a voto. SMART pode ceder esta Licenza sen o consentimento do Usuario Final. Suxeito ao anterior, esta Licenza será vinculante e redundará en beneficio das partes e os seus representantes legais, sucesores e cesionarios permitidos.

13.4 **Emenda.** Ningunha modificación realizada a esta Licenza será vinculante non sendo que estea por escrito e asinada por un representante autorizado da parte que se vexa prexudicada pola modificación.

13.5 **Idioma.** Calquera tradución desta Licenza faise por necesidades locais e no caso de diverxencias entre as versións en inglés e noutra lingua, a versión inglesa desta Licenza será a vinculante.

13.6 **Lei rexente.** Esta Licenza está rexida polas leis da Provincia de Alberta, Canadá. Ademais, dentro do límite permitido pola lei aplicable, as partes acordan de xeito irrevogable que calquera litigación referida á Licenza, ao Software ou ao Produto con Licenza se levará a cabo nos tribunais provinciais da Provincia de Alberta ou nos tribunais federais de Canadá, segundo sexa o caso. O Usuario Final acepta que non tentará alegar que non está suxeito á xurisdición dos devanditos tribunais, nin que non son axeitados, nin que son incómodos nin ningunha outra obxección, reclamación nin argumento. Esta Licenza non se

rexerá pola Convención das Nacións Unidas sobre Contratos para a Venda Internacional de Bens, a aplicación da cal está expresamente excluída.

13.7 **Licenza completa.** Esta Licenza constitúe todo o entendemento e Licenza entre as partes e está por enriba de calquera representación, negociacións, acordo, documentos, propostas, entendementos e Licenzas anteriores ou contemporáneos entre as partes con respecto ao tema desta Licenza. Se algunha das disposicións desta Licenza fose invalidada, o resto da Licenza continuará sendo completamente válido e efectivo.

13.8 **Renuncia.** A incapacidade dunha das partes para exercer os dereitos aquí indicados non servirá como renuncia da devandita parte a exercer ese dereito nin calquera outro no futuro.

13.9 **Forza maior.** A incapacidade de calquera das partes para cumprir as obrigas aquí expresadas non será motivo de violación desta Licenza se a devandita incapacidade é causada por lume, guerra, rebelión, actos de terrorismo, regulamentos gobernamentais, fenómenos naturais ou outras causas que estean fóra do razoable control da parte que alega forza maior.

13.10 **Preguntas.** Se o Usuario final ten calquera pregunta sobre esta Licenza ou desexa contactar con SMART por calquera motivo, debe escribir a:

SMART Technologies ULC
3636 Research Road NW
CALGARY, AB CANADA T2L 1Y1

13.11 **Resposta.** Se o Usuario Final envía a SMART calquera suxestión, comentario ou feedback (incluídas modificacións ou suxestións de modificacións a calquera compoñente do Software, Produto con Licenza ou calquera outro dos produtos SMART) sobre o Software, o Produto con Licenza, ou calquera outro dos produtos SMART, SMART a tratará como non confidencial e terá liberdade para utilizala para calquera propósito, sen compensación ningunha, nin recoñecemento ou outra obriga cara o Usuario Final.

13.12 **Notificacións.** O usuario final pode facer chegar a SMART unha notificación enviándoa ao anterior enderezo, ou a outro enderezo que SMART comunicase máis recentemente ao Usuario Final, notificación que será enviada “Á atención do Departamento Xurídico”. SMART pode facer chegar ao Usuario Final as notificacións, incluídas, pero sen limitarse a elas, as actualizacións e ampliacións do Software ou desta Licenza, mediante a) o envío dunha mensaxe ao enderezo electrónico do Usuario Final ou ao seu enderezo de traballo rexistrado ou ao enderezo electrónico ou de traballo que o Usuario Final notificara máis recentemente a SMART; ou b) publicando unha notificación no programa SMART Product Update, accesible mediante a selección “Buscar actualizacións” da pestana de menú “Axuda”.

13.13 **Publicidade.** En consideración da(s) licenza(s) aquí outorgada(s), SMART pode identificar a Organización Titular da Licenza total ou parcialmente nunha lista publicada de Clientes de SMART.

13.14 **Vixencia.** As obrigas fixadas nas Seccións 2.2(m), 2. 3 (b), (d), (e), (f), (g), (i), (k), (l) e (n), 6, 7, 8, 10, 11, 12, 13.1, 13.2, 13.6, 13.11, 13.12, 13.13 e nesta 13.14 seguirán vixentes tras a cancelación desta Licenza, sexa polo motivo que for.

SMART e as marcas relacionadas con SMART son marcas comerciais de SMART Technologies ULC ou dos seus afiliados e poden estrar rexistradas nos Estados Unidos e noutras xurisdiccións. Outras marcas e logotipos son marcas comercias dos seus respectivos propietarios. A tecnoloxía PDF en SMART Ink™ proporciónaa PDFNet SDK, © PDFTron™ Systems Inc., 2001-2011, e SMART Technologies a distribúe baixo licenza.

© 2011-2013, SMART Technologies